

# EN TEMPOS DE PANDEMIA: + SAÚDE - REPRESIÓN

Nin recortes sanitarios, nin estado de excepción

**As organizacións sociais galegas, ás persoas comprometidas coa igualdade e as liberdades:**

Este é un chamado a todos os movementos sociais galegos, a todas as persoas que queiran contribuir a un debate social que nos achegue un horizonte máis sano, soberano, respeitoso e anticapitalista, que poña realmente por diante a biodiversidade e a saúde.

Desde a declaración da alarma sanitaria en marzo do ano pasado vimos observando unha **falta de reforzo da sanidade pública galega**, que contrasta coa aplicación de **férreas restriccións sociais**, no segundo estado de alarma da man da Xunta de Galiza. Este endurecemento do control social por parte da administración rebasa toda proporcionalidade coa recente modificación da Lei de Saúde galega.

Por outra banda, percibimos como o poder político-económico está empregando a alerta ocasionada pola Covid como excusa para afondar nas desigualdades xa existentes e nas agresións á terra. Culpabilizando á poboación para agochar o enfraquecemento dos servizos públicos, causa principal das dificultades que trouxo o novo virus, e polo que os xestores actuais e recentes da Xunta e o Goberno deberían rendir contas. Asimesmo, a desmobilización social que se produciu neste difícil ano facilitou os recortes de dereitos, a continuidade nos recortes de servizos públicos, e o avance incuestionado das axendas dos poderes económicos.

A isto teríamos que engadir o papel que están a xogar os medios de comunicación corporativos, moitas veces achegando informacións sensacionalistas de dubidosa utilidade epidemiolóxica, incidindo na responsabilidade individual da propagación do coronavirus, mentres omiten toda información sobre os recortes da sanidade pública e a centralidade dos mesmos no agravamento da crise sanitaria.

## **EN CANTO AO ABANDONO DA SANIDADE.**

O sistema galego de saúde xa viña sendo moi deteriorado polas políticas recentes, particularmente nos primeiros anos de Feijoo (2009-2014)<sup>1</sup>, sen que isto fóra compensado posteriormente. Todo o cal levou a que presente graves deficiencias á hora de enfrontar a carga extra de traballo que supón a pandemia. Estas deficiencias tampouco se solventaron ao longo do último ano, no que, como exemplo, podemos comentar que a Xunta convocou a metade de prazas de enfermería do ano 2019 (na oferta pública de emprego publicada a finais de ano, en decembro de 2020<sup>2</sup>). Na mesma oferta de emprego increméntanse só lixeiramente as prazas de persoal médico con respecto a 2019, pasando de 1084 a 1133 prazas ofertadas, algo totalmente insuficiente para cubrir os baleiros deixados polos recortes de anos anteriores.

O SERGAS arrastra unha importante falta de persoal, unha sobrecarga de traballo, e unhas condicións de precariedade e temporalidade que deterioran enormemente a atención sanitaria, xa mesmo en condicións normais. Isto afecta sobre todo á Atención Primaria, un dos servizos máis recortados en anos recentes, e que precisamente agora acumula máis novas tarefas por mor da

Covid (detección, rastrexo e seguimento, máis consultas domiciliarias, coordinación da atención nas residencias, vacinación...), algunhas das cales xa veñen sendo subcontratadas a empresas privadas, como o rastrexo. Todo isto está levando a un abuso da atención telefónica, o que implica que outras patoloxías graves sexan deficientemente atendidas.

Ademais, a Covid tamén supuxo un o aumento da externalización de todo tipo de servizos na sanidade privada. Isto crea un novo precedente en dirección á privatización, un proceso permitido polas leis españolas, que pon a nosa saúde en mans dos intereses económicos.

Lonxe de supor unha ocasión para reforzar o sistema público, a crise sanitaria está servindo como escusa para afondar máis na esclerotización e privatización da sanidade pública galega, aproveitando a extenuación da sociedade e a desmobilización xeral que supuxo a nova situación pandémica.

### **EN CANTO Á AMEAZA PARA OS DEREITOS FUNDAMENTAIS QUE IMPLICA A NOVA REFORMA DA LEI DE SAÚDE DE GALIZA<sup>3</sup>**

Se consideramos o mencionado deterioro da sanidade pública ocasionado pola actual administración, e por outra banda, que a cifra galega de mortalidade atribuída a Covid é inferior á media do estado español (e inferior á de moitos estados europeos<sup>4</sup>); semella que non se pode responsabilizar á poboación galega das dificultades da pandemia. Pese a isto, as principais medidas que a Xunta formula para conter a nova enfermidade non son plans de reforzo do sistema sanitario, senón restricións de tipo social, moitas veces de dubidoso sentido sanitario e que van principalmente no lombo das clases traballadoras, excluídas e subalternas (como as crianzas e a mocidade). Ademais, a arbitrariedade que arrodea a numerosas situacións cotiás da “nova normalidade” ten unha repercusión directa na saúde mental da sociedade, un problema que non está sendo suficientemente considerado, o que evidencia claramente o incremento de intentos de suicidio, particularmente na poboación máis nova.<sup>5</sup>

A esta situación e ás continuas demandas de Nuñez Feijoo de poder adiantar o toque de queda, súmase agora unha reforma da Lei de Saúde que apunta na mesma dirección restritiva e sancionadora.

O 23 de febreiro a maioría absoluta do PP aprobou finalmente no parlamento galego unha modificación da Lei 8/2008 que ameaza perigosamente os dereitos fundamentais, ao mesmo tempo que **non especifica medida algunha para reforzar a sanidade**. Mediante a nova Lei de Saúde o goberno do PP, como dicimos responsable directo do deterioro do sistema sanitario galego, trata de impor un estado de alarma permanente sometido á vontade das autoridades sanitarias.

Nesta norma amplíase ademáis a definición de “autoridades sanitarias”, que agora pasan a abranguer, ademais de a altos cargos da Xunta e persoal da administración autonómica e local que desenvolva actividades de inspección, a tod@s “*Os profesionais sanitarios e as profesionais sanitarias que (...) teñan asignadas funcións de detección, seguimento e control das enfermidades transmisibles nos supostos de crises sanitarias declaradas ou epidemias.*”.

Ademais, outorga a estas “novas autoridades sanitarias” (unha cantidade importante de persoas) a capacidade de:

- intervir bens e exercer compulsión sobre as persoas
- obrigar ás cidadás a realizar corentenas “no domicilio ou noutro lugar adecuado para tal fin”
- obrigar ás cidadás a vacinarse ou tratarse das maneiras que a administración considere

E para isto contémpase tamén que podan recorrer ás forzas e corpos de seguridade.

Con esta lei supostamente dáse cobertura á vulneración dos dereitos fundamentais sen necesidade de que se declare o Estado de Alarma, o que crearía un estado de excepción de carácter permanente. Así mesmo, viola os principios éticos que rexen a medicina e contravén a Constitución, a *Ley General de Sanidad*, a *Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa*, e numerosas cartas de Dereitos Fundamentais<sup>6</sup>: a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, o Tratado de Helsinki, a Declaración Universal sobre Bioética da UNESCO, o Pacto de San José (Costa Rica), a Carta internacional dos Dereitos Humanos, o Código de Nuremberg, e a Declaración de Xenebra.

A nova lei de Saúde debuza unha especie de escenario para-policial sobre o que existen serias dúbidas da súa posibilidade de aplicación real. De feito, a propia fiscalía do Tribunal Supremo pronunciouse recentemente en contra da vacinación obrigatoria<sup>7</sup>. Porén, a incerteza ameaza os nosos dereitos, particularmente no referente ás outras cuestións sobre as que non se pronunciaron o Goberno, a Unión Europea ou os órganos xurídicos. Ábrese a porta a unha perigosa incertidume xurídica, xa que mentres se tramita un hipotético recurso á súa aplicación, pódese facer efectiva nalgún dos seus puntos.

Debido a que contradí normas xurídicas de maior rango non semella clara cal é a intención do executivo da Xunta con esta modificación de lei. Xa o pasado mes de outubro, Núñez Feijoo enviara ao presidente do goberno unha proposta para reformar a lei sanitaria estatal, que permitiría aprobar restricións sociais sen necesidade de estado de alarma. Esta proposta quedou de lado sen ser defendida tampouco polo presidente do propio partido de Feijoo, Pablo Casado. Isto leva a pensar, dada a polémica que suscita agora mesmo todo o que arrodea a vacinación da Covid, que a reforma da Lei de Saúde poda ser unha manobra do señor Feijoo para tensar co goberno estatal, obter repercusión mediática, e beneficiar a súa carreira política particular. Unha outra utilidade que podería ter para o presidente da Xunta e os seus *lobbies*, é a de servir para despistar doutra norma tramitada pola vía de urxencia no mesmo período (a Lei de Simplificación Administrativa e Reactivación Económica que beneficia ás eólicas), ou do polémico Plan Forestal, do escurantismo na asignación dos fondos NextGeneration, ou da Lei de Recuperación da Terra Agraria.

Atreverse a vulnerar os dereitos fundamentais da cidadanía sen activar un reforzo drástico da sanidade é razón suficiente para esixirmos a dimisión inmediata do presidente da Xunta. Pero ante a posibilidade de que a razón de ser da nova Lei de Saúde resida en intereses políticos e empresariais, achamos necesario que se abra unha investigación xurídica.

## **POR TODO O EXPOSTO, ESIXIMOS:**

-A derogación inmediata dunha modificación da Lei de Saúde que pon en perigo os dereitos fundamentais

-Que as medidas contra a Covid se centren na reconstrucción e no reforzo da sanidade pública galega, moi deteriorada tras unha década de graves recortes

-A derogación das normativas estatais que permiten a privatización da sanidade: lei 15/97, e artigos 90 e 67 da *Ley General de Sanidad*, e o rescate dos centros e servizos xa privatizados

-Que as restricións sexan en todo momento proporcionadas aos indicadores epidemiolóxicos e de ocupación hospitalaria, e aos novos coñecementos que vaian xurdindo sobre a transmisión do novo coronavirus

-Que ante a crise sanitaria se constitúan órganos cidadáns que inclúan personal técnico sanitario, para a fiscalización do poder legislativo e executivo. Xa que, dada a oportunidade que a crise outorga aos xestores da administración para aprobar e executar medidas sen debate social, vemos totalmente necesario velar porque as restricións se axusten a necesidades estritamente sanitarias

-A investigación xudicial do proceso de aprobación da modificación da Lei de Saúde, tramitado pola vía de urxencia; e a depuración de responsabilidades penais que poda supor

-A dimisión do presidente da Xunta Alberto Núñez Feijoo, do conselleiro de sanidade Julio García Comesaña, e dos parlamentarios que votaron a favor da modificación da Lei 8/2008 aprobada o 23 de febreiro de 2021

## REFERENCIAS:

1. <https://www.galiciaconfidencial.com/noticia/147713-investigacion-pon-cifras-aos-duros-recortes-sanitarios-feijoo-efectos-dez-anos>  
<https://recyt.fecyt.es/index.php/ASSN/article/view/76927/63335>
2. <https://www.sergas.es/Recursos-Humanos/OPE-Oferta-P%C3%BAblica-de-Emprego?idioma=es>
3. [https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaBoletinsOficiais/B110101\\_3.pdf](https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaBoletinsOficiais/B110101_3.pdf)
4. Calculamos, segundo datos oficiais, 812 mortes por millón de habitantes en Galiza, semellante á cifra de Alemaña -839-, e moi por debaixo da cifra estatal de 1.478 mortes/millón hab.  
[https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Actualizacion\\_321\\_COVID-19.pdf](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Actualizacion_321_COVID-19.pdf)  
<https://www.worldometers.info/coronavirus/#countries>
5. [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2021/03/02/cunqueiro-atiende-triple-intentos-suicidio-covid/0003\\_202103V2C3991.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2021/03/02/cunqueiro-atiende-triple-intentos-suicidio-covid/0003_202103V2C3991.htm)
6. [https://www.europarl.europa.eu/charter/pdf/text\\_es.pdf](https://www.europarl.europa.eu/charter/pdf/text_es.pdf)  
<https://www.wma.net/es/policies-post/declaracion-de-helsinki-de-la-amm-principios-eticos-para-las-investigaciones-medicas-en-seres-humanos>  
[http://portal.unesco.org/es/ev.php-URL\\_ID=31058&URL\\_DO=DO\\_TOPIC&URL\\_SECTION=201.html](http://portal.unesco.org/es/ev.php-URL_ID=31058&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html)  
<http://www.derechopenalenlared.com/legislacion/pacto-san-jose-costa-rica.pdf>  
<http://www.un.org/es/universal-declaration-human-rights>  
<http://www.bioeticanet.info/documentos/Nuremberg.pdf>  
[https://www.bioeticawiki.com/Declaraci%C3%B3n\\_de\\_Ginebra](https://www.bioeticawiki.com/Declaraci%C3%B3n_de_Ginebra)
7. <https://elpais.com/sociedad/2021-02-25/la-fiscalia-del-supremo-censura-la-vacunacion-forzosa.html>